



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 12 DE XULLO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2007/2008

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na PO-550, Cambados-A Lanzada
- Decreto polo que se nomea a Alberto González Fernández delegado da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes na provincia da Coruña

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, co obxecto de establecer un marco de actuación para realizar traballos relacionados coa información do territorio dirixidos a elaboración dunha base de datos toponímica de Galicia



## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaobración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para elaborar unha campaña publicitaria coa finalidade de sensibilizar a cidadanía en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio
- Acordo polo que se lle denega á entidade mercantil citada, titular da explotación mineira La Ilusión, localizada nos termos municipais de Quiroga e Folgoso do Courel, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para dotar de auxiliares de conversación os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se convocan bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster
- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se convocan bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do sistema universitario de Galicia
- Acordo polo que se autoriza o convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Paideia para a colaboración educativa nas ensinanzas de idiomas de réxime especial en escolas oficiais de idiomas



## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de carácter plurianual á Consellería de Innovación e Industria para proceder á convocatoria pública para a concesión de 36 bolsas para a formación de dinamizadores da Sociedade da Información na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrência competitiva, para o exercicio de 2007
- Acordo polo que se autoirza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración asinado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento no marco do Plan Avanza do programa Cidades Dixitais
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (S.A.X. CESGA), para a realización de actividades que potencien o software libre en Galicia e a instalación dunha sala de traballo colaborativo móbil dotada con tecnoloxía access-grid

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a realización de actuacións en materia de desenvolvemento rural

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contrato de obras, mediante concurso aberto e trámite de urxencia, para o remate do Centro de Interpretación da Cultura Castrexa no xacigo arqueolóxico de San Cibrao de Las, San Amaro (Ourense)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Ministerio de Cultura para a achega e distribución de crédito para a adquisición de fondos bibliográficos para a mellora das bibliotecas públicas



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación correspondente ao concurso público citado a adquisición de 9 TAC con destino a diversos hospitais da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe de 4.150.000 euros

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Xove para a execución da obra de construción da estación depuradora de augas residuais de Palmeiro, en Xove (Lugo), por importe de 1.713.249,24 euros

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para a sinatura dun convenio de colaboración coas 3 universidades do Sistema Universitario de Galicia para o desenvolvemento dos estudos conducentes ao título de Mestrado en Xestión e Dirección Laboral

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Fundación Ortegalia para a realización dos proxectos denominados Aldea Ortegalia, Muíño de Mareas e Mantemento, conservación e funcionamento do Museo Ortegalia, por importe de 1.100.000 euros

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: Reposición de obra de fábrica Pontón Río Vilar, Oia, Pontevedra, por unha contía aproximada de 35.242,38 euros
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: Reposición de obras de fábrica Pontón Xardín, Oia, Pontevedra, por unha contía aproximada de 33.379,38 euros



- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: Reparación do camiño local de Cariña-Fonte Casa Falcón, Vilaboa, Pontevedra, por unha contía aproximada de 41.626,74 euros



## A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULARÁ O RÉXIME DE AUTORIZACIÓN E ACREDITACIÓN DOS PROGRAMAS E DOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS

- A nova regulación introduce como novidade a autorización dos programas de servizos sociais
- O proxecto regula un novo procedemento de acreditación de centros que facilitará a incorporación das instalacións e programas ao Sistema Galego de Atención á Dependencia
- O obxecto do decreto é mellorar e clarificar determinados aspectos da regulamentación vixente no que se refire ás autorizacións administrativas previas que requiren os centros e os programas de servizos sociais para o seu correcto funcionamento

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou o proxecto de decreto que vai regular o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais. Esta nova regulación impulsada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar introduce como novidade a autorización dos programas de servizos sociais e regula un novo procedemento de acreditación de centros que facilitará ademais a incorporación das instalacións e programas ao Sistema Galego de Atención á Dependencia.

O texto vén substituír o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que, ata a data, se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais. O desenvolvemento dos servizos sociais nos últimos anos xerou novas necesidades de carácter asistencial que foron cubríndose de xeito informal, obtendo as distintas entidades financiamento público para o efecto, sen que existise, ata o de agora, unha normativa de referencia respecto das condicións, servizos mínimos e requisitos para a súa prestación.

O paso do asistencialismo á calidade dos servizos sociais fai necesaria a regulación, autorización e acreditación destas prestacións. A experiencia neste eido evidenciou a necesidade de levar a efecto un novo decreto co obxecto de mellorar e clarificar determinados aspectos da regulamentación vixente no que se refire ás autorizacións administrativas previas que requiren os centros e os programas de servizos sociais para o seu correcto funcionamento.

Coa finalidade de reforzar o marco xurídico existente no senso de renovar e actualizar os procedementos, introdúcese a clarificación dos supostos de feito que supoñen o inicio do procedemento de modificación substancial dos centros e programas e aclárase a documentación requirida para o outorgamento das autorizacións de creación e permiso de inicio de actividades, adaptando os actuais procedementos



administrativos ás novas normas técnicas que son de obrigada observancia polas entidades, públicas e privadas, que desenvolven a súa actuación no ámbito dos servizos sociais e cuxo cumprimento debe garantir a Administración autonómica, tanto antes da súa posta en marcha, como durante o seu funcionamento

#### Estrutura

O Decreto estrutúrase en tres capítulos. O primeiro deles aborda as cuestións de carácter xeral que deben ilustrar a aplicación da norma, tales como o seu obxecto, ámbito de aplicación e as obrigas das entidades prestadoras.

O capítulo segundo, baixo a rúbrica “das autorizacións administrativas”, regula, dun xeito máis claro e conciso, o réxime de autorizacións administrativas exixibles aos centros e programas de servizos sociais, establecendo unha regulación máis exhaustiva do procedemento que se debe observar na súa tramitación. Así mesmo, e como desenvolvemento das previsións contidas no artigo 30.3 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, e para os supostos en que se constate o funcionamento de centros ou programas sen a correspondente autorización administrativa, e en que se require unha rápida e axeitada actuación da Administración competente, establécese un procedemento que permite ditar a suspensión da actividade ou peche do centro de forma máis áxil, con independencia das actuacións que procedan en materia sancionadora.

No capítulo III do decreto, abórdase a regulación da acreditación a que poderán acceder os centros e programas de servizos sociais previamente autorizados.



## A XUNTA REGULA POR VEZ PRIMEIRA A EXENCIÓN DAS TAXAS UNIVERSITARIAS A FAMILIAS NUMEROSAS, ALUMNOS DISCAPACITADOS E ALUMNOS PERTENCENTES A FAMILIAS VÍTIMAS DE ACTOS TERRORISTAS E DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- O Goberno galego aprobou o decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2007/2008

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2007/2008. Por primeira vez regúlase a exención dos prezos públicos para as familias numerosas, alumnos e alumnas discapacitados, vítimas de actos terroristas e de violencia de xénero.

No caso das familias numerosas, quedan exentos do pagamento polos servizos académicos os alumnos/as que teñan recoñecida a condición de membro de familia numerosa de carácter especial. Así, a categoría de especial aplícase ás familias formadas por cinco fillos ou máis (ou catro no caso de que polo menos tres procedan de adopción, acollemento ou parto múltiple). Ademais, cando a familia numerosa está formada por catro fillos computables, pertencerá a esta categoría sempre que os ingresos anuais entre o número de persoas que forman a unidade familiar resulte unha cantidade inferior ao salario mínimo interprofesional.

Tamén terán unha exención do 50% os alumnos/as que teñan recoñecida a condición de membro de familia numerosa de categoría xeral, isto é, aquelas integradas por un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos sempre que sexa menor que cinco o número de descendentes.

Tamén quedan exentos do pagamento polos servizos académicos os alumnos/as que teñan recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%; os alumnos/as vítimas de actos terroristas, ou que sexan fillos/as ou cónxuxes non separados legalmente de falecidos ou feridos en actos terroristas; e os alumnos/as que sufran violencia de xénero, así como os seus proxenitores.

Ao abeiro do decreto, os prezos incrementáanse un 4% con respecto ao curso pasado. Esta suba correspóndese cun incremento de 1,6 puntos respecto do IPC estatal, que é do 2,4%, situándose pois na marxe intermedia da suba autorizada pola Conferencia Nacional de Política Universitaria (entre o 2,4% e o 6,4%) e, pola súa vez, no rango dos incrementos medios do conxunto dos sistemas universitarios estatais.





Os prezos públicos variarán en función das modalidades de matrícula, tendo en conta a distinción entre ensinanzas renovadas e non renovadas, así como a diferenza entre o prezo da 1ª matrícula fronte ao prezo da 2ª, 3ª e sucesivas matrículas. De este modo, co novo decreto de prezos públicos establécese unha recarga do 15 por cento na segunda matrícula, do 35% na terceira e do 50% na cuarta e sucesivas matrículas dunha mesma disciplina.

En canto ao pagamento, as universidades galegas fixarán os prazos correspondentes para efectuar a liquidación e o pagamento dos prezos públicos universitarios, e máis o seu fraccionamento, de ser o caso.



## POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 2,8 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA PO-550 ENTRE CAMBADOS E PONTE DENA

- O Consello da Xunta declarou hoxe a utilidade pública e a urxente ocupación dos terreos afectados por esta obra, entre os puntos quilométricos 5,300 e 8,300

O Consello da Xunta acordou hoxe declarar a utilidade pública e dispor a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de mellora da seguridade viaria que a Consellería de Política Territorial vai acometer na PO-550 Cambados-A Lanzada. A CPTOPT investirá nesta actuación uns 2,8 millóns de euros, dos que 480.000 euros irán destinados ao pago das expropiacións.

En concreto, estas obras de mellora da seguridade viaria realizaranse entre os puntos quilométricos 5,300 e 8,300, no treito comprendido entre Cambados e Ponte Dena en terreos pertencentes aos concellos de Cambados e Meaño. Este é un dos treitos de concentración de accidentes (TCA) en que a CPTOPT está a actuar de xeito programado para realizar melloras que contribúan a aumentar a seguridade viaria.



## A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ 443.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DUNHA BASE DE DATOS TOPONÍMICA DE GALICIA

- Segundo un convenio entre a Consellería de Presidencia e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia autorizado hoxe polo Consello
- Os dous entes levarán a cabo traballos relacionados coa información do territorio para a creación da dita base

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia para o Proxecto Toponimia de Galicia. O dito proxecto consiste na recollida de toponimia para a elaboración dunha base de datos toponímica mediante a realización de traballos relacionados coa información do territorio. Para ese obxectivo, a Xunta de Galicia achegará a contía de 443.000 euros.

Este proxecto enmárcase no plan de actuación que a Consellería de Presidencia, á que se lle atribúen as competencias en materia de toponimia, xa iniciou coa formación dunha Comisión de Toponimia e, cumprindo co mandato da Lei de normalización lingüística, coa edición do Nomenclátor, que fixaba os nomes oficiais. Para levar a cabo a finalidade do proxecto, a Consellería necesita a colaboración da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal xa que achega información aplicada á ordenación do territorio mediante o seu Sistema de Información Territorial (SITGA) e a súa cartografía permite saber a localización exacta, non só dos principios núcleos de poboación, senón tamén dos lugares, aldeas e parroquias que conforman a estrutura xeográfica de Galicia.

### Traballos que se realizarán

O Proxecto Toponimia Galicia concretarase este mesmo ano coa elaboración de traballos de campo, traballos de gabinete e coa exposición pública de resultados. O convenio aprobado pola Xunta de Galicia tamén establece en que concellos se levarán a cabo os distintos traballos.

Así, os traballos de campo asignaranse nos concellos en que os técnicos de campo xa traballaron en setembro e outubro de 2006 pero que deixaron inconclusos e tamén en concellos con parte do territorio xa traballado. Os traballos en tales lugares combinaranse cos traballos nos concellos en que haxa maior risco de desaparición de informantes, xa sexa por baixa densidade de poboación ou por un elevado envellecemento desta.

Os traballos de gabinete realizaranse en concellos en que se levan a cabo traballos de campo por iniciativa propia ou de asociacións que colaboran co Proxecto Toponimia



de Galicia. Para os traballos de gabinete formaranse técnicos e elaboraranse bases de datos antes e despois das reunións da Comisión de Toponimia, preferentemente nos concellos activos pero parados nesa fase actualmente.

Por outra banda, hai outros concellos como Ferrol, Sarria, A Gudiña ou Pontecesures en que se fará xa este ano a presentación de resultados.

A información procedente dos traballos almacenarase nun sistema de información creado polo SITGA e a base de datos toponímica será propiedade da Xunta de Galicia e porase á disposición do público. A utilización e publicación da información toponímica na cartografía será competencia da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal.

Obrigas da Consellería e da Sociedade

As obrigas da Consellería de Presidencia para co Proxecto Toponimia Galicia son, fundamentalmente, definir os obxectivos, as fases e a metodoloxía que se empregará. Dirixirá e coordinará os traballos dos investigadores de campo e do persoal que supervisa, depura e trata cartograficamente a información. Tamén supervisará e fixará a toponimia recollida en campo, para a súa inclusión nos sistemas de información xeográfica.

Pola súa parte, a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal comprométese a participar nos estudos previos e de sistematización dos traballos, a facilitar medios técnicos e materiais cartográficos de apoio e tamén xestionará a base de datos toponímica, elaborará unha base cartográfica para introducir toda a información toponímica e coordinará o persoal necesario para introducir e manexar a información recollida nas bases de datos toponímicas e cartográficas.



## POLÍTICA TERRITORIAL E O COLEXIO DE ARQUITECTOS ELABORARÁN ANUNCIOS TELEVISIVOS PARA SENSIBILIZAR Á CIDADANÍA SOBRE A INFLUENCIA DAS ACTIVIDADES HUMANAS NO TERRITORIO

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración polo que a CPTOPT achegará ao COAG un total de 197.200 euros
- ***Realizaranse seis curtametraxes de 30 segundos baseadas na banda deseñada "A mansión dos Pampín", realizada polo debuxante Miguel Anxo Prado e utilizada xa como material didáctico polos estudantes da ESO***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) colaborarán na realización dunha campaña de sensibilización para lle transmitir á cidadanía a incidencia que calquera actividade humana ten sobre o territorio. Esta campaña desenvolverase ao abeiro dun convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta e polo cal a CPTOPT achegará un total de 197.200 euros ao COAG para que este realice seis curtametraxes de 30 segundos de duración que reflectan os obxectivos desta iniciativa. Política Territorial colaborará co Colexio de Arquitectos na elaboración dos asuntos e lemas que estarán presentes nestes anuncios televisivos.

Con estas curtametraxes que agora se van realizar divulgaranse as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental.

Os anuncios basearanse nos personaxes e situacións da banda deseñada "A mansión dos Pampín", realizados polo debuxante Miguel Anxo Prado. Este libro forma parte do Proxectoterra, que as consellerías de Política Territorial, Vivenda e Educación e o COAG veñen desenvolvendo nos últimos anos co obxectivo de que os estudantes se formen en valores e puntos de vista sobre a arquitectura e o territorio. Esta formación contribuirá a facer cidadáns mellor formados e informados.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de realización de traballos que permitan un maior coñecemento, interese e importancia da incidencia sobre o territorio da actividade humana, co fin de conseguir unha mellor calidade de vida dos cidadáns.



## DENEGADA A AUTORIZACIÓN PARA UNHA EXPLOTACIÓN MINEIRA NO COUREL

- Conta con informes desfavorables da Consellería de Medio Ambiente e da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión de hoxe, denegar a autorización previa á licenza municipal dunha explotación mineira situada nos concellos lugueses de Quiroga e Folgoso do Courel, xa que conta con informe desfavorable da Consellería de Medio Ambiente e da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

A explotación mineira para a calse denega a autorización denomínase “La ilusión” e é titularidade da entidade mercantil Pizarras de Quiroga S.A. Parte desta canteira foi autorizada como recurso mineiro pola Delegación Provincial do Ministerio de Industria en 1974, unha data en que non se exixían declaracións ambientais. A declaración ambiental obtida con posterioridade referiuse exclusivamente a unha área concreta que, o 1 de xaneiro de 2003, non estaba sendo explotada, requisito que exige a Lei 9/2002 (Lei do Solo de Galicia) para poder leGaliciar este tipo de explotacións. A canteira, pola contra, estaba explotando outra zona para a cal non dispón de declaración ambiental nin de plan de restauración.

De acordo coas disposicións da Lei 9/2002, en xaneiro de 2006 a Dirección Xeral de Conservación da Natureza emite un informe desfavorable á solicitude de autorización autonómica en que se indican, entre outros aspectos, que o ámbito solicitado agora supera con moito o autorizado no seu momento na declaración de efectos ambientais. Ademais, indica que a explotación afecta á zona de especial protección dos valores naturais Ancares-O Courel, incluída na Rede Natura 2000.

Con estes antecedentes, o Consello Superior de Urbanismo acordou por unanimidade informar desfavorablemente a solicitude de autorización autonómica previa á licenza municipal, o que agora ratifica o Consello da Xunta.

Contra este acordo, o titular da explotación poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Consello da Xunta ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia



## A XUNTA DE GALICIA E O MINISTERIO DE EDUCACIÓN ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA DOTAR DE AUXILIARES DE CONVERSACIÓN OS CENTROS GALEGOS

- A finalidade do convenio é dar resposta ás demandas das escolas de idiomas e reforzar o labor do profesorado
- O departamento educativo galego investirá máis de 145.000 euros, percibindo cada beneficiario 631 euros mensuais

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en virtude do cal se incrementará o número de auxiliares de conversación destinados en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude deste convenio, a Administración educativa galega investirá máis de 145.000 euros en dúas anualidades, nun total de 27 axudas a outros tantos auxiliares de conversación, percibindo cada beneficiario 631 euros mensuais.

A colaboración do MEC establécese no financiamento dun curso de acollida para os 27 auxiliares de conversación, investindo ata 3.500 euros.

A distribución deste persoal efectuarase entre as escolas oficiais de idiomas (EE.OO.II.), en que a cantidade de auxiliares de conversación ascenderá no vindeiro curso 2007/2008 a un máximo de 13 auxiliares de conversación de inglés, 7 de francés e 7 de alemán.

As escolas de idiomas veñen ofrecendo dende hai anos unha formación lingüística especializada a un amplo sector da poboación, entre o que están representados unha gran variedade de sectores profesionais que precisan dunha formación intensiva, dinámica e moi actualizada. Contar con axudantes lingüísticos de apoio ao profesorado das linguas nas EE.OO.II. reforzará o labor docente na compoñente da multiculturalidade, eixe sobre o que xira o currículo destes centros, e permitirá seguir dando resposta ás demandas das escolas de idiomas.

Os axudantes de conversación terán a condición de bolseiros e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino. A súa actividade estará enfocada á mellora da propia formación práctica na ensinanza de linguas nun contexto cultural diferente que enriqueza o seu coñecemento da cultura española en xeral e da galega en particular.



A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria resolverá a concesión das bolsas aos auxiliares de conversación seleccionados, así como o seu pagamento mensual.

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados derivados deste convenio, así como a súa interpretación e cumprimento, constitúese unha comisión mixta paritaria, composta por catro membros, dous designados polo Ministerio de Educación e Ciencia e dous pola Administración educativa galega.





## O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 635.000 EUROS NO FINANCIAMENTO DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS OFICIAIS DE POSGRAO

- A Administración educativa autonómica convocará 55 bolsas de nova adxudicación e outras 25 para a realización da prórroga destes estudos, que serán conducentes ao título de mestrado
- Estas axudas teñen como finalidade contribuir á especialización dos estudantes na súa formación académica, profesional ou investigadora

O Consello da Xunta vén de autorizar a convocatoria de bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) conducentes ao título de mestrado. A Administración educativa galega achegará entre o ano 2007 e o 2008 un total de 635.550 euros ao financiamento destas bolsas, dos que 436.150 euros se destinarán para as de nova adxudicación e os 199.400 euros restantes para a realización da prórroga destes estudos.

A orde de convocatoria establece un total de 55 bolsas de nova adxudicación e 25 bolsas para a realización da prórroga dos estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster. As bolsas de prórrogas que queden desertas por falta de solicitantes pasarán a incrementar o número das de nova adxudicación.

Estas axudas teñen como finalidade contribuir á especialización dos estudantes na súa formación académica, profesional ou investigadora co obxecto de lograr a súa capacitación e integrarse no ámbito laboral europeo cunha cualificación profesional apropiada favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do sistema universitario galego ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

A duración das bolsas é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2007 e setembro de 2008. Así, as de nova adxudicación están destinadas aos alumnos universitarios que estean preadmitidos nun programa oficial de posgrao nalgunha das universidades galegas, e poderanse prorrogar por unha soa vez sempre que o título de mestrado comprenda dous cursos académicos. A súa dotación será de 600 euros mensuais, percibindo ademais os beneficiarios o importe de 500 euros en concepto de axuda á matrícula co pagamento do primeiro trimestre da bolsa.

Pola súa banda, as bolsas para a realización da prórroga dos estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster están dirixidas aos alumnos aos cales lles foi concedida unha axuda para a realización destes estudos, sempre que o título comprenda dous cursos académicos. A dotación da bolsa será tamén de 600 euros mensuais, e os beneficiarios percibirán, así mesmo, 500 euros en concepto de axuda



á matrícula co pagamento do primeiro trimestre da bolsa. Para que lles sexa concedida esta axuda, os bolseiros deberán xustificar un axeitado aproveitamento académico no período 2006/2007 e estar matriculados no curso 2007/08 no segundo ano do bienio dos estudos de posgrao impartidos no SUG.

Como novidades nesta convocatoria destacan o incremento do importe de axuda á matrícula, que pasa de 379 euros a 500 euros; e o carácter mensual do pagamento das bolsas, que ata o de agora era trimestral.

#### Formación especializada ou multidisciplinar

O establecemento dos novos títulos oficiais de posgrao constitúe unha das modificacións de máis transcendencia no proceso europeo de cambio estrutural das ensinanzas universitarias e supón un gran reto para as universidades e a Administración educativa, que se ven obrigadas ao desafío de impulsar estudos de posgrao de máxima calidade.

Neste senso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, contribúe ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do SUG ao Espazo Europeo de Educación Superior, convocando bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades galegas conducentes ao título de mestrado.



## EDUCACIÓN ACHEGARÁ MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS Á CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE TERCEIRO CICLO

- Serán 110 axudas de nova adxudicación e 103 para a realización da prórroga, e terán unha duración de 12 meses entre outubro de 2007 e setembro de 2008
- Os beneficiarios das bolsas de nova adxudicación percibirán 600 euros mensuais, e 700 euros no caso das prórrogas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria de bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). O importe total destas axudas ascende a 1.786.203 euros, que serán achegados pola Administración educativa galega en dúas anualidades: 499.212 euros en 2007 e 1.286.991 euros en 2008.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocará 110 bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo, e outras 103 axudas para a realización da prórroga destes estudos nas universidades galegas. Estas bolsas teñen como finalidade contribuír ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar daqueles alumnos que, en función da súa capacitación, poidan converterse no xerme dunha nova xeración de investigadores, favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do SUG ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

As bolsas de nova adxudicación contarán cun orzamento de 859.100 euros, e as de prórroga serán financiadas cun total de 927.103 euros. A duración das axudas é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2007 e setembro de 2008.

Así, as axudas de nova adxudicación para a realización de estudos de terceiro ciclo nas universidades do SUG están destinadas aos alumnos universitarios que teñan aprobadas todas as disciplinas requiridas para a obtención do título universitario de licenciado/a, enxeñeiro/a superior ou arquitecto/a, incluído o proxecto fin de carreira, se o houbese. Estas bolsas poderanse prorrogar por unha soa vez e para un só programa de doutoramento. A dotación da axuda será de 600 euros mensuais, e os beneficiarios percibirán ademais o importe de 380 euros en concepto de axuda á matrícula co pagamento do primeiro trimestre da bolsa.

Pola súa banda, as bolsas para a realización da prórroga dos estudos de terceiro ciclo nas universidades galegas van dirixidas aos alumnos aos cales se lle concedeu no curso académico 2006/07 unha bolsa de terceiro ciclo de nova adxudicación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Así, só poderán solicitar esta bolsa estes alumnos, sempre que xustifiquen un axeitado aproveitamento académico



neste período e estean matriculados durante o curso académico 2007/08 no segundo ano do bienio de estudos do terceiro ciclo impartido nas universidades galegas.

O orzamento co que contan as bolsas para a realización da prórroga, que ascende a 927.103 euros, será achegado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG, e pola Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, en función do acordo de colaboración asinado o 30 de maio de 2006 entre os dous departamentos.

Como novidade, o pagamento das bolsas, que antes se facía trimestralmente, será mensual, percibindo cada beneficiario 700 euros ao mes, ademais do importe de 325 euros en concepto de axuda á matrícula co pagamento do primeiro trimestre



## ALUMNOS DAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS GALEGAS PODERÁN REALIZAR ESTADÍAS FORMATIVAS EN PAÍSES DA UE

- Educación e a Fundación Paideia Galicia colaboran nesta iniciativa achegando un total de 64.756 euros
- A Administración educativa galega destina máis de 32.300 euros para a realización destas actividades
- A finalidade é fomentar a mobilidade e a formación noutros países do alumnado das Escolas Oficiais de Idiomas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Paideia Galicia en virtude do cal se adxudicarán bolsas de estudo ao alumnado da rede de escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia para a realización de estadias formativas en entidades de distintos países da Unión Europea. A finalidade é que os estudantes beneficiarios completen a súa formación lingüística en centros europeos asociados a esta fundación, dedicados ao desenvolvemento de proxectos de interese social, cultural e ambiental.

O custo total que se estima para a realización deste proxecto, incluíndo gastos de persoal, material de difusión, custos de transporte, formación previa, etc., é de 64.756 euros. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria comprométese a achegar o 50 por cento deste importe e a Fundación Paideia o 50 por cento restante.

Este custo total divídese en tres puntos. O primeiro é a concesión de 10 bolsas para os alumnos das EOI de Galicia de entre 20 e 30 anos que teñen superado o segundo curso nalgunha das linguas da UE. Cada unha destas bolsas non supera os 2.675 euros e contén ademais billetes de ida e volta ao país, aloxamento e manutención, cartos de peto e formación lingüística no idioma do país receptor. Tamén conta cun seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes. Estas bolsas destínanse a estadias por un período mínimo de seis meses e máximo de doce meses, e cunha dedicación de entre 20 e 30 horas á semana. O inicio destas estadias darase nos meses de xuño e xullo de 2007. O custo total das bolsas ascende a 26.750 euros.

O segundo punto son os gastos de persoal. Neste punto inclúense un psicólogo, un responsable da xestión administrativa e un responsable da xestión transnacional de proxectos. O importe total dos gastos en persoal suman 35.475,98 euros. E en terceiro lugar atópanse os custos de material de difusión do proxecto. Neles inclúense os gastos na impresión de dípticos do proxecto e anuncios en prensa. O total dos custos de difusión calcúlase que é de 2.528,19 euros.



As escolas oficiais de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado no uso axeitado dos diferentes idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo e organízanse en tres niveis, básico, intermedio e avanzado.

A Fundación Paideia Galicia ten como principal obxectivo a realización de actividades orientadas á formación, investigación e intervención no eido das Ciencias Sociais. Outras misións son a busca da excelencia en servizos e prácticas profesionais, sempre dende unha perspectiva interdisciplinar, transversal e integral. Non é a primeira vez que esta Fundación colabora coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; outros convenios asinados son os premios para alumnos de conservatorios e a dotación da aula multimedia na EOI de A Coruña, entre outros.

Neste convenio tamén se establece que, dependendo do conxunto de bolsas concedidas pola súa duración e do país de acollida, o número de bolsas poderá verse incrementado.

Este convenio terá unha duración dun ano e poderá ser obxecto de prórroga por períodos anuais mentres non exista denuncia do mesmo dalgunha das partes.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA CONCEDERÁ 36 NOVAS BOLSAS PARA A FORMACIÓN DE DINAMIZADORES DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA

- A Xunta achegará 327.600 euros para levar a cabo esta iniciativa con que se complementa a Rede de Dinamizadores

A Consellería de Innovación e Industria procederá á convocatoria pública de 36 bolsas para a formación de dinamizadores da sociedade da información en Galicia, segundo o proxecto de acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta. As bolsas concederanse para o desenvolvemento de estudos e prácticas formativas, co fin de proporcionar ás persoas seleccionadas a formación precisa para propiciar o achegamento dos cidadáns aos recursos que proporcionan a sociedade da información e as novas tecnoloxías. Co obxectivo de formar recursos humanos que poidan dinamizar os diferentes colectivos que aínda non se achegaron á sociedade da información a Consellería achegará trescentos vinte e sete mil seiscentos euros.

O obxectivo primordial deste proxecto de dinamización é fomentar o uso das novas tecnoloxías en todos os ámbitos da poboación, de cara a que estes colectivos adoiten o seu uso habitual con posterioridade a que a figura do dinamizador desapareza.

O desenvolvemento da sociedade da información constitúe na actualidade unha das prioridades para conseguir acabar coa chamada fenda dixital. A suma de esforzos considérase fundamental para poder acadar un desenvolvemento harmónico en todos os sectores, lograr a alfabetización dixital de toda a poboación e chegar nos próximos anos aos niveis das comunidades máis avanzadas.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA AMPLÍA A SÚA COLABORACIÓN CO CESGA PARA POTENCIAR O SOFTWARE LIBRE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Esta ampliación concretarase na participación en eventos, na tradución de software libre ao galego e en xuntanzas para o apoio á difusión
- O Goberno galego achegará 80.000 euros para levar a cabo estas actuacións

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda ao convenio de colaboración da Consellería de Innovación e Industria e a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) para a realización de actividades que potencien o software libre e para a instalación dunha sala de traballo corporativo móbil dotada con tecnoloxía access-grid. Así, Innovación e Industria achegará 80.000 euros para ampliar as actuacións recollidas no convenio asinado no 2005 co CESGA.

Esta addenda traducirase na participación en eventos a través de postos para a promoción do software libre. Así mesmo, traduciranse ao galego softwares de xestión, en concreto un programa de contabilidade, outro de facturación, un TPV (Terminal Punto de Venda) e un ERP (Enterprise Resource Planning). Para o software de TPV levarase a cabo unha acción de difusión dirixida ao pequeno comercio galego que permita dalo a coñecer e, se é o caso, proceder á súa implantación.

Por último, esta addenda tamén permitirá celebrar xuntanzas para o apoio á difusión. Nestas xuntanzas reunirase un grupo reducido de empresas do sector TIC arredor dunha temática concreta, para compartir coñecemento e experiencias. A actividade estará dirixida a técnicos e empresarios. Como resultado destas xuntanzas crearase unha guía para a liberación de software co título de Aprende a liberar. Esta guía informará sobre que licenzas usar, que pasos dar, onde liberar ou as implicacións legais á hora de usar códigos de terceiros. O obxectivo é axudar ás empresas a incorporar o código dos seus produtos á comunidade, vendo cales son todas as súas vantaxes.





## O EXECUTIVO GALEGO E O GOBERNO CENTRAL PORÁN EN MARCHA O PROGRAMA CIDADES DIXITAIS EN GALICIA PARA A INSERCIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

- A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o desenvolvemento do programa, no marco do plano Avanza
- O desenvolvemento do programa permitirá, nas localidades en que se implante, ofrecer servizos públicos dixitais aos cidadáns baseados en redes de telecomunicación de banda larga
- Cidades Dixitais contará cun investimento global por parte do Ministerio, da Xunta e das Administracións locais de 2,5 millóns de euros en 2007 e 2008

A Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, desenvolverá o programa Cidades Dixitais en Galicia, enmarcado na área de actuación de servizos públicos dixitais do Plan Avanza. Segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta, o titular do departamento, Fernando Blanco, asinará unha addenda ao convenio de colaboración existente entre o Ministerio de Industria e a Xunta, para desenvolver este programa no marco do Plan Avanza. Cidades Dixitais contará cun investimento global, en 2007 e 2008, de 2.540.490 euros, dos cales o Ministerio achegará o 50% e Xunta e Administracións locais o 25% cada unha.

A Consellería de Innovación e Industria realizará unha convocatoria pública á cal poderán acudir, en réxime de concorrencia competitiva, aquelas cidades ou entidades locais, cuxas propostas serán avaliadas por unha comisión paritaria formada polo Ministerio de Industria e a Xunta. Os proxectos e actuacións financiáveis centraranse en varias liñas:

-Servizos e aplicacións de Administración electrónica, como proxectos de implantación de ferramentas ou solucións tecnolóxicas para a modernización da xestión interna da administración local; actuacións dirixidas a mellorar a interacción dos servizos públicos cos cidadáns a través da incorporación das TIC; ou proxectos de implantación de aplicacións que faciliten a interoperabilidade entre administracións públicas.

-Servizos dixitais dirixidos a cidadáns e empresas do ámbito local, como proxectos que, mediante o uso das TIC, se encamiñen a mellorar os servizos públicos en aspectos como o comercio electrónico, a teleasistencia, a cultura, o turismo, o ocio ou a accesibilidade de colectivos con necesidades especiais.

-Formación e difusión.



Os proxectos subvencionables, ademais, poderanse presentar de maneira individual (o beneficiario sería unha única entidade), ou en cooperación, modalidade en que se considerarán preferentemente os proxectos que presente unha cooperación entre entidades con experiencia en programas dirixidos a impulsar o desenvolvemento e implantación da sociedade da información. En todos os casos, todo o equipamento e aplicacións informáticas do proxecto terán que incorporar criterios de facilidade de uso e accesibilidade.



## A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL ASINARÁ UN CONVENIO CO MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN EN MATERIA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

- O acordo de colaboración que permitirá a reestruturación e o aumento da base territorial das explotacións agrarias
- O investimento previsto ascende a un total de 15 millóns de euros, segundo acordou o Consello da Xunta

A Administración xeral do Estado, por medio do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural colaborarán na realización de actuacións previstas en materia de desenvolvemento rural. As melloras nas infraestruturas deixaranse notar nas catro provincias galegas, en concellos como Ordes, Baleira, Baltar ou A Estrada. O investimento total das actuacións previstas neste convenio de colaboración ascende a 15 millóns de euros.

As actuacións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación están recollidas nos orzamentos xerais do Estado para o 2007, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia. As actuacións da Consellería do Medio Rural forman parte do Plan especial de reforma das estruturas, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Neste marco de cooperación, a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación investirán no proxecto un total de 15 millóns de euros. O MAPA colaborará cun orzamento máximo de 10 millóns de euros, cantidade prevista no Programa de desenvolvemento rural. Pola súa parte, a Consellería do Medio Rural comprométese a financiar as actuacións ata investir un máximo de 5 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito: 2 millóns de euros en 2007 e 3 millóns de euros en 2008. Esta consellería será a responsable de xestionar o conxunto do gasto.

O acordo é froito da concienciación de ambas as administracións dunha necesidade presente na nosa comunidade, a reestruturación da base territorial das explotacións agrarias. Co fin de resolver esta situación deficiente nas infraestruturas viarias rurais, a Consellería do Medio Rural e o MAPA inciden na adopción dunha política intensiva de reforma destas estruturas que propicie o aumento da base territorial das explotacións.

Para o correcto funcionamento do proxecto formarase unha comisión de seguimento que estará composta por membros de ambas as dúas partes, entre as súas funcións destaca a autorización, se fose preciso, de novas actuacións na mesma materia -sen



superar o financiamento inicial-, avaliar os resultados obtidos logo da execución do Programa e resolver as posibles diferenzas entre as dúas administracións que se produzan no desenvolvemento do plan.

Actuacións previstas

IMPORTE TOTAL	15.000.000 €
---------------	--------------

Nº	PROV	CONCELLO	ZONA	OBRA
1	AC	MESÍA	XANCEDA-MESÍA	Rede de camiños principais na zona de concentración parceira de Xanceda-Mesía.
2	AC	ORDES	PARADA	Rede de camiños principais na z. c. p. de Parada.
3	AC	ORDES	MERCURÍN-LESTA II	Rede de camiños principais da z. c. p. de Mercurín-Lesta II.
4	AC	VIMIANZO	CEREIXO-CARNÉS	Mellora da capa de rodadura dos camiños da z. c. p. de Cereixo-Carnés.
5	AC	PORTO DO SON	NEBRA	Camiños secundarios e acondicionamento de terreos da z. c. p. de Nebra.
6	AC	PINO, O	BUDIÑO II	Ponte sobre o río Tambre na z. c. p. de Budiño.
7	LU	BALEIRA	POUSADA	Rede de camiños da z. c. p. Baleira (2º fase)
8	LU	XERMADE	CANDAMIL	Acondicionamento de terreos da z. c. p. de Xermade.
9	OU	BALTAR	NIÑODAGUIA	Acondicionamento de terreos da z. c. p. de Niñodaguia.
10	OU	VILAR BARRIO DE	MAUS	Rede de camiños principais da z. c. p. de Maus.



11	OU	XUNQUEIRA DE AMBÍA	A GRAÑA	Rede de camiños principais da z. c. p. da Graña.
12	OU	CALVOS DE RANDÍN	RIOSECO-PADROSO	Acondicionamento de terreos da z. c. p. de Rioseco-Padroso.
13	OU	CARTELLE	MUNDIL	Rede de camiños da z. c. p. de Mundil.
14	PO	ESTRADA, A	ARCA	Execución da rede principal de camiños na z. c. p. de Arca.
15	PO	BARRO	AGUDELO-BARRO-VALIÑAS	Acondicionamento de terreos e eliminación de accidentes naturais na z. c. p. de Agudelo-Barro-Valiñas.
16	VAR	VARIOS	VARIOS	Outras actuacións.



## O GOBERNO GALEGO ASINARÁ UN CONVENIO CO MINISTERIO DE CULTURA PARA A DOTACIÓN DE BIBLIOTECAS POR VALOR DE MÁIS DE 2,6 MILLÓNS DE EUROS

A Consellería de Cultura e Deporte vai asinar un convenio de colaboración co Ministerio de Cultura dirixido á adquisición de fondos bibliográficos para as bibliotecas. A sinatura deste acordo foi autorizada hoxe polo Consello da Xunta. O custo das accións previstas neste convenio ascende a 2.616.000 euros

A Xunta de Galicia cumpre con este convenio as súas perspectivas a prol do sector do libro, mellorando a rede de bibliotecas mediante a ampliación dos fondos bibliográficos e a modernización das súas instalacións. O custo total para a adquisición das obras será repartido a partes iguais entre a Consellería de Cultura e o Ministerio, a quen lles corresponderá contribuír con máis dun 1.308.000 euros cada un.

Paralelamente á compra de novidades editoriais -con especial interese na edición en lingua galega-, realizarase a adquisición de novo equipamento informático e promoverase a formación de profesionais para mellorar os servizos ofertados nas bibliotecas. Estas son algunhas iniciativas que o departamento nacionalista programou co fin de promocionar a lectura entre todos os estamentos sociais.

Para este ano Cultura ten previsto xestionar 7,1 millóns de euros en medidas para dinamizar o sector do libro, o que supón un incremento do 30 por cento respecto ao orzamentado durante o ano 2005 (4,1 millóns de euros). En canto á edición en lingua galega, xunto aos 1,2 millóns de euros comprometidos para a compra de exemplares, a Consellería apoia con 200.000 euros a tradución desde e para o galego e destina case outro tanto para a subvención de grandes proxectos editoriais.

Ademais dedicarase unha especial atención ás actividades especificamente pensadas para estender o hábito da lectura, para o que neste ano se investirá 1,5 millóns de euros. A Xunta está a desenvolver campañas de fomento da lectura en espazos como centros de saúde, comercios, medios de transporte e centros culturais e está a deseñar e levar a cabo programas especiais como as semanas do libro.



## A XUNTA LICITARÁ AS OBRAS PARA O REMATE DO CENTRO DA CULTURA CASTREXA EN SAN CIBRAO DE LAS

- Cultura destinará máis de 3,5 millóns para a posta en valor do xacigo arqueolóxico ourensán

A Xunta de Galicia vai abrir o prazo de licitación das obras de remate do Centro de Interpretación da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las por valor de 3.567.00 euros, despois de que o Consello aprobase, na súa reunión de hoxe, a súa autorización.

Con esta derradeira actuación, o Goberno galego persegue a posta en valor do xacigo arqueolóxico en San Amaro converténdoo nun referente do patrimonio cultural galego.

Un dos xacigos máis sobranceiros

O castro de San Cibrao de Las é un dos xacigos máis sobranceiros da Idade do Ferro e da cultura castrexa en Galicia. Os restos das súas murallas e vivendas servirán para investigar mellor e dar a coñecer a todo o público os restos arqueolóxicos desta época no que será o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa. Xunto ao xacigo en si construírse o centro de interpretación.

Para cando estea rematado en 2009 este centro que agora se licita albergará exposicións e actividades de difusión así como medios para afondar na investigación. Este edificio e a ruta de visita ao propio castro formarán unha unidade para entender mellor a cultura castrexa. En total, o parque comprenderá unha superficie de máis de 25 hectáreas.

As visitas orientadas ao público en xeral contarán cun programa expositivo sobre a cultura castrexa e completaranse co percorrido polo xacigode San Cibrao. Os contidos abordan o conxunto da cultura castrexa: a relación dos habitantes coa paisaxe, a explotación dos recursos e a base económica da comunidade, a vida cotiá, a estrutura social e as crenzas e relixión; así como o impacto que supuxo a chegada de Roma.

Aulas didácticas e salas de exposicións nas instalacións

O Centro de Interpretación abranguerá unha superficie construída de case 3.000 metros cadrados e contará cunha gran exposición estable e outra sala máis para albergar exposicións temporais co obxectivo de manter actualizados os contidos do centro e amosar as novidades das investigacións. As instalacións tamén inclúen aulas didácticas, biblioteca, fototeca, zonas de documentación, arquivo, sala de reunións e unha área de servizos, con tenda e cafetería.



A maiores da construción do centro de interpretación, para este ano 2007 a Consellería de Cultura destina unha partida de 280.000 euros para elaborar o proxecto museolóxico e a instalación museográfica das salas; así como outros 30.000 euros para a redacción das memorias dos traballos realizados ata agora no castro. A isto hai que engadirlle 30.000 euros máis para publicar e difundir información sobre os achados e as características do xacigo. Por outra banda, a consellería continuará con 100.000 euros as escavacións en San Cibrao e os traballos de consolidación dos restos arqueolóxicos. Finalmente, mediante un convenio cos concellos de San Amaro e Punxín, Cultura investirá 30.000 euros en tarefas de limpeza para manter o castro en condicións que o fagan visitable.

#### Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico

Este parque forma parte da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico. Trátase dun ambicioso programa para poñer en valor o patrimonio cultural de natureza arqueolóxica impulsando, simultaneamente, a súa conservación e a súa promoción social e económica. O de San Cibrao de Las é un dos catro centros de referencia, xunto cos dedicados á arte rupestre, ao mundo galaico-romano e ao megalitismo. Funcionará como a cabeceira doutras instalacións ligadas á cultura castrexa como poden ser coleccións visitables, museos e xacigos. En especial, manterá unha estreita colaboración co Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense pola relación que este tivo co xacigo de San Cibrao.





## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ MÁIS DE 4 MILLÓNS DE EUROS EN RENOVAR NOVE TAC MULTICORTE, INCORPORANDO A TECNOLOXÍA MÁIS MODERNA DO MERCADO

- Irán destinados aos complexos hospitalarios universitarios de Santiago e de Vigo (dous), aos complexos Hospitalarios de Lugo, Ourense e Pontevedra, así como aos hospitais de Cee, Ribeira e Vilagarcía de Arousa
- Esta compra forma parte do Plan de Equipamento Tecnolóxico do Servizo Galego de Saúde que combate o elevado nivel de obsolescencia herdado nos hospitais públicos galegos

O Servizo Galego de Saúde investirá 4.150.000 euros, para mercar nove TAC multicorte con destino a distintos centros sanitarios da rede pública galega. Así o autorizou hoxe o Consello da Xunta de Galicia. A adquisición destes equipos realizarase mediante concurso público.

A tecnoloxía multicorte que incorporan estes TAC é a máis punteira do mercado. Consiste nunha proba de diagnóstico radiolóxico mediante a utilización de raios X e o procesamento de imaxes por ordenador. Ao procesar as imaxes pódense ver cortes tridimensionais moi precisos do interior do organismo. O ou a paciente permanece deitado nunha padiola e esta móvese cara a dentro do tubo que xera os raios X, que, pola súa vez, xira ao redor do enfermo. Non causa dor nin molestia ningunha, e non produce claustrofobia nin ruído. Con estes equipos pódense realizar estudos de colonoscopia virtual, vasculares, cardíacos, oncolóxicos e de perfusión para doentes con ictus, entre outros.

Os destinos dos nove TAC serán os complexos hospitalarios universitarios de Santiago e de Vigo (dous), os complexos hospitalarios Xeral Calde de Lugo, de Ourense e de Pontevedra; así como os hospitais Virxe da Xunqueira, en Cee; Hospital da Barbanza, en Ribeira; e Hospital do Salnés, en Vilagarcía de Arousa.

Esta compra enmárcase dentro do Plan de Equipamento Tecnolóxico 2006-2009 que está a desenvolver a Consellería de Sanidade, e que prevé un orzamento total previsto para dito período de 62,5 millóns de euros, dos que máis de 14 millóns investiranse ao longo deste ano. O Plan de Equipamento Tecnolóxico ten como obxectivo a superación do elevado grao de obsolescencia herdado nos hospitais públicos galegos

Este Plan establece a renovación do material en tres áreas: equipos de radioloxía convencional (salas de raios X, mamógrafos, equipos portátiles de raios X e ortopantomógrafos), equipos de alta tecnoloxía (TAC, Resonancias, radioloxía



vascular e intervencionista, hemodinámica e telemandos), e equipos de monitorización e ventilación en áreas de urxencias.

A primeira das medidas deste Plan de Equipamento Tecnolóxico xa foi tomada polo Servizo Galego de Saúde o pasado ano, coa actualización tanto en software coma en hardware, por máis dun millón de euros, de aparellos de resonancia magnética instalados nos distintos hospitais da rede pública galega. Ao longo do período 2006-2009 investiranse outros cinco millóns de euros na compra doutras resonancias.

Ademais, o pasado mes de marzo, o Servizo Galego de Saúde xa adquiriu outros catro TAC multicorte, por un importe de preto de tres millóns de euros, que foron destinados aos complexos hospitalarios de Pontevedra, de Ourense e Arquitecto Marcide de Ferrol, así como ao Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ 1,7 MILLÓNS DE EUROS NA DEPURADORA DE XOVE (LUGO), A SÉTIMA DAS VINTE EDAR QUE O GOBERNO GALEGO TEN PREVISTO APROBAR ESTE ANO

- A construción da planta, en Palmeiro, forma parte do Plan de Saneamento presentado polo conselleiro, que ten por obxecto o cumprimento da directiva europea que obriga a depurar as augas residuais de poboacións de máis de 2.000 habitantes
- A actuación aprobada hoxe inclúe a construción de dous tramos de colectores, ademais da execución dunha depuradora con capacidade para atender as necesidades de 4.000 residentes equivalentes

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o investimento para a construción da Estación de Augas Residuais (Edar) de Xove, na provincia de Lugo. A lucense constitúe a sétima das 20 depuradoras que o goberno galego ten previsto licitar este ano, dentro do Plan de Saneamento presentado polo conselleiro, Manuel Vázquez, co obxecto de dar cumprimento á directiva europea que obriga a depurar as augas residuais de poboacións de máis de 2.000 habitantes.

Así, ao longo deste exercicio, xa se licitaron 5 depuradoras, catro na provincia da Coruña (Arzúa, Bergondo, Fisterra e Santiago de Compostela (Aríns) e unha no Carballiño. A estas hai que engadir a estación de augas residuais de Catoira (Pontevedra), á que o consello da Xunta deu luz verde a semana pasada. En total, contando a de hoxe, son 7 as edar aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente. As 13 restantes están pendentes da posta á disposición dos terreos para a súa localización por parte dos concellos para súa licitación dentro deste ano.

### Xove (Lugo)

O Consello da Xunta aprobou hoxe a construción de dous tramos de colectores e a execución dunha nova estación de augas residuais en Palmeiro, Concello de Xove (Lugo). A nova planta está deseñada para depurar as augas residuais de 4.000 habitantes equivalentes (poboación a 15 anos vista) e suporá un investimento de 1.713.249,24 euros por parte da consellería, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que se fará efectivo entre os exercicios 2007 e 2009 (ambos inclusive).

A actuación aprobada hoxe materializarase en 25 meses, cuxa distribución é a que segue: 1 mes para a redacción definitiva do proxecto, 12 meses para a execución das obras e 12 máis para súa explotación por parte da empresa adxudicataria.



No que se refire ás características técnicas do proxecto, cabe sinalar que a actuación de saneamento prevé a construción de dous novos colectores, de 667 e 396 metros, respectivamente, que se conectarán á rede existente. Pola súa banda, a nova depuradora contará cun caudal de deseño de 1.000 metros cúbicos e disporá de liña de lodos, tanque de tormentas, sistema de pretratamento, tratamento de biolóxico e decantación secundaria, entre outros.



## AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS ÚNENSE CO APOIO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA IMPLANTAR O MESTRADO DE XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

- Será a primeira experiencia de formación en posgrao das tres institucións docentes galegas en materia laboral
- Os diplomados en relacións laborais e graduado social terán acceso, por vez primeira en Galicia, a unha formación superior á diplomatura
- Terá carácter interuniversitario impartirase a partir do curso 2007-2008
- O mestrado estará coordinado pola Universidade de Vigo e dará cabida a 90 alumnos cada ano

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo, impulsará en colaboración coas tres universidades galegas un Mestrado de Xestión e Dirección Laboral. Esta iniciativa de formación postuniversitaria ten como finalidade superar unha lagoa en recursos humanos derivada da falta de continuidade entre os estudos en relacións laborais e unha titulación de ciclo longo.

Por outra banda, pretende dar resposta á demanda dos actuais titulados universitarios e ás súas expectativas de formación nunha área de actividade punteira no desenvolvemento da nosa comunidade autónoma. Segundo a Consellería de Traballo, estes estudos presentan unha oferta versátil que se adapta ao perfil do alumno actual e futuro. Será, polo tanto, a primeira experiencia de formación en posgrao das tres universidades de Galicia en materia laboral. Abranguerá os campus que contan coa titulación de relacións laborais: Santiago de Compostela, Lugo, Vigo, Ourense e Ferrol.

A Universidade de Vigo é a coordinadora do posgrao Xestión e Dirección Laboral, que constará dun primeiro ano de programa lectivo común, de 60 créditos de duración (600 horas). No segundo ano incluírá tres especialidades diferentes, doutros 60 créditos cada unha.

O contido común ten como obxectivo incrementar a formación de persoas procedentes de distintas titulacións, a través dun programa multidisciplinar no que enfrontan diferentes materias do ámbito xurídico e xurídico-laboral. En particular, aborda a organización de empresas e os recursos humanos. As especialidades do segundo ano son: especialista en xestión sociolaboral, especialista en xestión de recursos humanos, e especialista en Seguridade Social.

Estímase que o orzamento do mestrado para o período 2007-2009 é de 1.274.000 euros. A consellería fará unha achega económica de 89.700 euros e as universidades



achegarán as cantidades orixinadas polos ingresos de matrícula dos alumnos, que serán un total de 90 por curso.



## A XUNTA E A FUNDACIÓN ORTEGALIA COLABORARÁN NA REHABILITACIÓN DE 3 EDIFICIOS DO PROXECTO ORTEGALIA POR IMPORTE DE 1,1 MILLÓNS DE EUROS

- Trátase de 3 inmobles incluídos nos proxectos Aldea Ortegalia, Muíño das Mareas e Museo Ortegalia

A Xunta de Galicia aprobou hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un convenio de colaboración coa Fundación Ortegalia para o desenvolvemento de tres actuacións en materia de rehabilitación no marco do Proxecto Ortegalia por importe de 1,1 millóns de euros nos anos 2007 e 2008.

As actuacións que se desenvolverán supoñen a rehabilitación de tres proxectos denominados Aldea Ortegalia, Muíño de Mareas e Mantemento, conservación e funcionamento do Museo Ortegalia. A Xunta ahcega o financiamento necesario e a Fundación Ortegalia asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas e á obtención dos permisos e autorizacións necesarias, así como todos os medios de control e supervisión.

Con este convenio, a Xunta pretende contribuír á recuperación do patrimonio etnográfico de Ortigueira e da súa comarca ante a progresiva degradación debida en gran parte ao fenómeno do abandono.

O Muíño das Mareas é o único muíño de mar da comarca, situado no fondo da ría de Ortigueira, e o último construído en Galicia. Atópase na actualidade en deterioración progresiva e a súa rehabilitación suporá un investimento de 669.200 euros. O proxecto da Aldea Ortegalia suporá a rehabilitación dunha casa situada no lugar de Corbelle de Abaixo, parroquia de Couzadoiro, conservando a tipoloxía constructiva da zona. O obxectivo é crear unha granxa escola para divulgar o coñecemento da forma de vida dos nosos avós. Este proxecto suporá un investimento de 351.000 euros.

Por último, o mantemento, conservación e funcionamento do Museo Ortegalia suporá a reparación de filtracións de auga aparecidas neste edificio que urxe reparar, así coma a realización de obras de maior envergadura para impedir que estes desperfectos se produzan de novo. Neste caso o investimento ascende a 79.800 euros.



## POLÍTICA TERRITORIAL DÁ CONTA DO GASTO DE MÁIS DE 100.000 EUROS EN OBRAS DE EMERXENCIA EN OIA E VILABOA (PONTEVEDRA)

- Política Territorial cumpre así co preceptivo trámite administrativo ante o Consello da Xunta

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de obras de reparación acometidas en pontes e camiños dos concellos de Oia e Vilaboa (Pontevedra) que se viron afectados polas chuvias de outubro e novembro. A estas actuacións destináronse máis de 100.000 euros, que se engaden ás obras tamén de emerxencia dos que xa se deu conta en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As obras declaradas de emerxencia pola CPTOPT de que hoxe se deu conta inclúen tres actuacións en dous concellos:

- Vilaboa: reparación do camiño local de Cardaña.
- Oia: reposición dos pontóns de Xardín e Río Vilar.

Esta é a novena reunión do Consello da Xunta en que a CPTOPT dá conta de obras de emerxencia. Ata o de agora estas actuacións suman un investimento total de máis de 12,4 millóns de euros destinados a reparacións tanto de estradas de titularidade autonómica como municipais.





## ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, NOVO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL NA CORUÑA

- O novo delegado é arqueólogo e conta cunha dilatada experiencia na realización de documentos de planeamento urbanístico

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Alberto González Fernández novo delegado da CPTOPT na provincia da Coruña. González Fernández vén substituír o anterior delegado, Jacinto Parga, actual presidente de Portos de Galicia. María José Caride deu hoxe conta deste nomeamento ao Consello da Xunta.

Alberto González Fernández naceu en Ferrol en 1968. É licenciado en xeografía e historia pola Universidade de Santiago de Compostela na especialidade de arqueoloxía. Ata o de agora desenvolvía a súa actividade profesional na Consellería de Cultura e Deporte, onde ocupaba o cargo de técnico superior arqueólogo do servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Como arqueólogo dirixiu ou participou nas catalogacións e delimitacións urbanísticas necesarias para a elaboración de dúcias de documentos de planeamento urbanístico en concellos de toda Galicia. Tamén dirixiu ou participou no seguimento arqueolóxico de importantes obras públicas como a A-52, a AP-9 ou o Porto Exterior de Ferrol. Nestas liñas de traballo é autor de libros e artigos tanto sobre o planeamento urbanístico como sobre as infraestruturas e a ordenación territorial.

O novo delegado provincial participou tamén en órganos colexiados relacionados coa ordenación territorial como o Consello Municipal de Urbanismo do Concello de Ferrol ou en diversas asistencia técnicas para a recuperación dos camiños de Santiago.